# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15001136 | IES Francisco Aguiar | Betanzos | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Lingua castelá e literatura | 1º ESO | 3 | 105 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| Contido | Páxina |
| --- | --- |
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 22 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 22 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 23 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 23 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 24 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 25 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 25 |
| 7.2. Actividades complementarias | 26 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 26 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 26 |
| 9. Outros apartados | 27 |

## 1. Introducción

A materia de Lingua Castelá e Literatura na ESO debe supoñer sempre un afianzamento do aprendido nas etapas ou cursos anteriores e un progreso paulatino cara a un maior dominio da interacción comunicativa oral, escrita e audiovisual que faga posible que o alumnado poida desenvolverse na sociedade de forma correcta en todos os ámbitos comunicativos.

Para isto é necesario, loxicamente, un coñecemento do funcionamento da lingua que tamén ten que ir facéndose máis complexo e profundo. Así mesmo, outra das grandes finalidades da materia é o fomento do hábito lector en todos os ámbitos, non soamente o literario.

Trátase dunha materia flexible a través da cal non soamente poden desenvolverse todas as competencias, senón que ademais é útil para adaptar diferentes situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes que fagan acercar ao alumnado os coñecementos adquiridos á vida real.

Por último, non debemos esquecer que as humanidades deben servir como modelo de exploración do mundo e supoñen unha vía para analizar de forma crítica a realidade que nos rodea, polo que nos encontramos cunha materia que pode ser unha boa ferramenta para a formación dunha futura cidadanía responsable, capaz de levar a cabo unha convivencia verdadeiramente democrática, pacífica e solidaria.

Neste primeiro curso da ESO hai 131 alumnos divididos en cinco liñas (26 en A, 27 en B, 26 en C, 28 en D e 24 en D). Entre eles hai 14 repetidores. Case todos eles proceden do CEIP Francisco Vales Villamarín, situado moi preto do noso instituto.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) conforma o 25% do alumnado de 1º ESO. Do total do nivel, o 4% é de incorporación tardía, 3 alumnos/as teñen ACI e un 1,5% ten necesidades educativas especiais (NEE) por hemiparexia e discapacidade auditiva. O resto deste alumnado NEAE presenta condicións persoais ou de historia escolar, dificultades de aprendizaxe, retraso madurativo, vulnerabilidade socio-educativa, dislexia, TDAH ou AACC, que foron ou que terán que ser tidos en conta na elaboración e/ou desenvolvemento desta programación.
Os profesores encargados de impartir a docencia da materia nestes catro cursos son María Nogareda Marzoa e Mateo Mediero Veira.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e da realidade plurilingüe e pluricultural de España, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas e as características das principais variedades dialectais do español, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos lingüísticos e valorar esta diversidade como fonte de riqueza cultural. | 1-5 | 2-3 | | | | 1-2 | | 1-3 |
| OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formarse unha opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer. | 2 | 2 | 1 | 2-3 | 4 | 3 | | |
| OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e participar en interaccións orais cunha actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais coma para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais. | 1-3-5 | 2 | 1 | 2-3 | | 2 | 1 | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta a necesidades e intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento. | 2-3-5 | 2 | 4 | 1 | 4 | 3 | | |
| OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas. | 1-3-5 | | 1 | 2-3 | 5 | 2 | | |
| OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual. | 3 | | | 1-2-3-4 | 4 | 2 | 3 | |
| OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e gozar da dimensión social da lectura. | 1-4 | | | 3 | 1 | | | 1-2-3 |
| OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permiten establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria. | 1-4 | | | | | 1 | | 1-2-3-4 |
| OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica. | 1-2 | 2 | 1-2 | | 5 | | | |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe. | 1-5 | 3 | | 3 | 3 | 1-2-3 | | |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | UNIDADE 1 | A comunicación. Elementos do proceso comunicativo.<br>A narración. Elementos. Textos narrativos na vida cotiá.<br>O substantivo e as súas particularidades.<br>Regras xerais de acentuación. | 11 | 12 | X | | |
| 2 | UNIDADE 2 | O adxectivo.<br>A descrición. Descrición obxectiva e subxectiva. A descrición de persoas e lugares.<br>Estructura da palabra. A familia léxica. Os morfemas.<br>Regras especiais de acentuación. | 11 | 11 | X | | |
| 3 | UNIDADE 3 | Determinantes e pronomes.<br>Texto oral e texto escrito. O diálogo.<br>Procedementos de formación de palabras. Derivación, composición, abreviaturas, siglas e acrónimos.<br>Uso de B e V. | 11 | 12 | X | | |
| 4 | UNIDADE 4 | O verbo.<br>O significado das palabras: sentido literal e sentido figurado.<br>A lingua nos medios de comunicación e en Internet. A noticia. Análise da información.<br>Relacións semánticas básicas: sinonimia, antonimia, polisemia.<br>Uso de G e J. | 11 | 12 | | X | |
| 5 | UNIDADE 5 | O adverbio.<br>Os textos explicativos. Instruccións e normas.<br>As linguas. Familias lingüísticas e linguas do mundo. Estereotipos e prexuízos lingüísticos. | 11 | 11 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | UNIDADE 5 | Uso do H. | 11 | 11 | | X | |
| 6 | UNIDADE 6 | Preposición, conxunción e interxección.<br>A argumentación. O debate.<br>Realidade lingüística do país. Lingua oficial e lingua cooficial. Variedades da lingua. Rexistros.<br>Uso do Y e o LL. | 11 | 12 | | X | |
| 7 | UNIDADE 7 | As locucións.<br>A literatura: función, temas e linguaxe literario. Os tópicos.<br>A narración. Subxéneros narrativos.<br>Os signos de puntuación. | 11 | 12 | | | X |
| 8 | UNIDADE 8 | A frase feita e o refrán.<br>A lírica. O verso. Métrica. Principais estrofas. Os recursos estilísticos. Subxéneros líricos.<br>Uso do dicionario. Os dicionarios dixitais.<br>Uso do S e o X. | 11 | 11 | | | X |
| 9 | UNIDADE 9 | Linguaxe social. Palabras tabú e eufemismos.<br>O xénero dramático. O texto dramático e a súa estrutura. A representación dramática.<br>Palabras de dubidosa ortografía. | 12 | 12 | | | X |

## 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | UNIDADE 1 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Coñecer os elementos da comunicación e as súas características. | PE | 50 |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica. | Identificar o substantivo e as súas caracterísitcas e emplealo axeitdamente. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identificar o substantivo e as súas caracterísitcas e emplealo axeitdamente.<br>Coñecer e aplicar as regras de acentuación. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Identificar os elementos da comunicación en textos orais sinxelos. | TI | 50 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identificar os elementos da comunicación en textos orais sinxelos. | | |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Identificar os elementos da comunicación en textos escritos sinxelos. | | |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identificar os elementos da comunicación en textos sinxelos. | | |
| CA3.1 - Realizar narracións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos con fluidez, coherencia, cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes e utilizando de xeito eficaz recursos verbais e non verbais. | Crear pequenos relatos orais para expoñer na clase. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Redactar textos narrativos e melloralos pouco a pouco aplicando os coñecementos teóricos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Contexto vinculado ás estratexias de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |
| - Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos. |

| Contidos |
| --- |
| - Elaboración de textos orais tendo en conta as compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos: canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Creación de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 2 | UNIDADE 2 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Escribir textos descritivos aplicando as caracterísitcas aprendidas. | PE | 60 |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Coñecer a estrutura da palabra e as regras de acentuación. | | |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Identificar as características da descrición en textos escritos. | TI | 40 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identificar as características da descrición en textos de todo tipo. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
| --- |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión e análise critica de secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas e descritivas. |

| Contidos |
| --- |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 3 | UNIDADE 3 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identificar as características do diálogo en textos escritos. | PE | 50 |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Escribir textos dialogados a partir das características estudadas. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Coñecer as características dos determinantes e os pronomes.<br>Empregar correctamente o B e o V. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Comprender textos dialogados orais de diferentes tipoloxías. | TI | 50 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identificar as características do diálogo en textos orais. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Comprender textos dialogados escritos de diferentes tipoloxías. | | |
| CA3.2 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado de xeito activo e adecuado, con actitudes de escoita activa e empregando estratexias de cooperación conversadora e cortesía lingüística. | Participar en conversas informais na clase respectando as normas básicas. | | |
| CA3.8 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos e para a procura de consensos, abarcando tanto o ámbito persoal coma o educativo e o social. | Empregar o diálogo para a resolución de conflitos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Participación en xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e deixar a palabra. Cooperación coloquial e cortesía lingüística. Escoita activa, firmeza no discurso e resolución dialogada dos conflitos. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. |
| - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | UNIDADE 4 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Redactar textos coa apariencia dunha notica empregando os coñecementos sobre a sinonimia, a antonimia e a polisemia. | PE | 45 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Empregar os coñecementos sobre sinonimia, a antonimia e polisemia na creación de textos. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Empregar os coñecementos sobre sinonimia, a antonimia e polisemia na creación de textos. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Recoñecer as características do verbo. | | |
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Comprender a mensaxe principal en diferentes noticias. | TI | 55 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Recoñecer as características da noticia en diferentes textos. | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Aprender a buscar información nos medios. | | |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura. | Comparar a mesma noticia en diferentes medios de comunicación. | | |
| CA2.7 - Identificar e reparar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Diferenciar entre sentido literal e figurado. | | |
| CA3.5 - Organizar a información e integrala en esquemas propios, reelaborala e comunicala de xeito creativo adoptando un punto de vista crítico con relación aos principios de propiedade intelectual. | Recoñecer as diferenzas entre noticias tomadas en diferentes medios. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e da análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |

| Contidos |
|---|
| - Interpretación de xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Riscos de información interesada, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.<br>- Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.<br>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Xéneros discursivos do ámbito social: Produción de textos propios das redes sociais, e dos medios de comunicación. Etiqueta dixital.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | UNIDADE 5 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Comprender a mensaxe de textos explicativos escritos.. | PE | 70 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identificar as características da explicación en textos orais. | | |
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar as caracterísitcas do adverbio e saber emplealo.<br>Empregar correctamente o H. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Recoñecer e saber explicar o concepto de familia lingüística. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Comprender a mensaxe de textos explicativos orais. | TI | 30 |
| CA2.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Identificar as características da explicación en textos orais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.<br>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante.<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | UNIDADE 6 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias precisas. | Comprender mensaxes argumentativas escritas sinxelas. | PE | 45 |
| CA2.4 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada. | Identificar as características da argumentación. | | |
| CA2.9 - Identificar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e mais da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como os elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Recoñecer e rexeitar os prexuízos relacionados cos usos da lingua. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA5.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, así como identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso. | Identificar as preposicións, conxuncións e interxeccións e saber empregalas correctamente. Empregar correctamente o Y e o LL. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Identificar as preposicións, conxuncións e interxeccións e saber empregalas correctamente. Empregar correctamente o Y e o LL. | | |
| CA1.1 - Recoñecer as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con atención especial ao galego e ao castelán, identificando as nocións básicas das linguas, tanto de España como as que forman os repertorios lingüísticos do alumnado, e contrastando algúns do seus trazos en manifestacións orais, escritas e multimodais. | Expoñer as características principais das linguas que se falan en España. | TI | 55 |
| CA1.2 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna. | Recoñecer e rexeitar os prexuízos relacionados cos usos da lingua. | | |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua e a manipulación a través da palabra, a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas. | Recoñecer e rexeitar os prexuízos relacionados cos usos da lingua. | | |
| CA2.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os distintos códigos. | Comprender mensaxes argumentativas orais sinxelas. | | |
| CA3.3 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado. | Facer unha exposición oral sobre a diversidade lingüística en España. | | |
| CA3.6 - Elaborar traballos de investigación de maneira guiada en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada. | Levar a cabo unha exposición para facer unha exposición oral sobre a diversidade lingüística en España. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Revisar a información recollida cun punto de vista crítico. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística do centro. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. |
| - As linguas de España: orixe, distribución xeográfica e nocións básicas. Diferenzas entre plurilingüismo e diversidade dialectal. |
| - Iniciación á reflexión interlingüística. |
| - Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e exploración de formas de evitalos. |
| - Procesos de comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. |
| - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. |
| - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. |
| - Procesos de produción de textos orais, escritos e multimodais. |
| - Produción oral formal: planificación e procura de información, creación e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. |
| - Produción escrita: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de apuntamentos, esquemas, mapas conceptuais, definicións, resumos etc. |
| - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas. |
| - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | UNIDADE 7 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprender o contido de textos narrativos sinxelos (relatos curtos). | PE | 55 |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Facer comentarios literarios sinxelos a partir dos textos lidos. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Escribir textos literarios partindo dos textos lidos en clase. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Empregar correctamente os signos de puntuación. | | |
| CA2.8 - Explicar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando unha metalinguaxe específica. | Identificar as características da narración literaria. | TI | 45 |
| CA3.4 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, segundo os aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, procurando a precisión léxica e a corrección ortográfica e gramatical. | Escribir textos literarios narrativos seguindo as características estudadas. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | Ler textos literarios e mostrar unha opinión críticas sobre eles. | | |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Analizar as características de textos narrativos sinxelos. | | |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Mostrar interese pola lectura e seleccionar textos para a lectura individual. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|

| Contidos |
| --- |
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.<br>- Utilización dos signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.<br>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.<br>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.<br>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.<br>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.<br>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.<br>- Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados). |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | UNIDADE 8 | 11 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprender o tema de poemas sinxelos. | PE | 45 |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Recoñecer a linguaxe poética e as súas caraacterísticas. Métrica e recursos literarios. | | |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Facer comentarios literarios sinxelos dos poemas lidos. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Empregar correctamente o S e o X. | | |
| CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información. | Manexar diferentes fontes de información sobre temas relacionados coa lingua. | TI | 55 |
| CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar de maneira guiada información procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertenza en función dos obxectivos da lectura. | Buscar información sobre os refráns en páxinas de contido lingüístico. | | |
| CA3.7 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentado as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, consultando de forma progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas. | Empregar as ferramentas lingüísticas que ofrece a rede para resolver dúbidas lingüísticas. | | |
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | Reflexionar oralmente sobre os textos literarios lidos. | | |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Ler poemas de forma individual | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Escribir poemas tomando como modelo os lidos na clase. | | |
| CA5.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, tendo en conta aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical. | Coñecer o significado de frases feitas e refráns e empregalos correctamente. | | |
| CA5.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual. | Tratar a información obtida na rede de forma correcta. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. |
| - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. |
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas. |
| - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. |
| - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. |
| - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. |
| - Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora. |
| - Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. |
| - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. |
| - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. |
| - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. |
| - Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |
| - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción. |
| - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en |

| Contidos |
|---|
| - función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | UNIDADE 9 | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.2 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos literarios escritos e multimodais sinxelos, respondendo a diferentes propósitos de lectura. | Comprender textos teatrais sinxelos. | PE | 45 |
| CA4.3 - Valorar a forma e o contido de textos literarios sinxelos avaliando a súa calidade e a eficacia dos procedementos comunicativos empregados. | Analizar as características de textos teatrais. | | |
| CA4.6 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e paradigmas, a interpretación das obras lidas partindo da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, consonte a configuración dos xéneros e subxéneros literarios. | Facer comentarios literarios de textos sinxelos. | | |
| CA5.5 - Formular xeneralizacións sobres aspectos básicos do funcionamento da lingua partindo da observación, da comparación e da transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e da procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando, de xeito guiado, dicionarios, manuais e gramáticas. | Empregar correctamente palabras de dubidosa ortografía. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Participar de xeito activo e adecuado en interaccións orais informais con relación a obras literarias no traballo en equipo e mais en situacións orais formais de carácter dialogado (como actos culturais vinculados co circuíto literario e co lector), mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación coloquial e cortesía lingüística. | Lectura e dramatización de fragmentos de pezas teatrais. | TI | 55 |
| CA4.4 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades, deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura. | Ler de forma voluntaria e individual obras literarias. | | |
| CA4.5 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica e lectora. | Expresar unha opinión crítica sobre os textos lidos. | | |
| CA4.7 - Establecer, de xeito guiado, vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura. | Ser quen de relacionar o contido dos textos lidos con diferentes aspectos da vida. | | |
| CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, partindo da lectura de obras ou anacos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios. | Escribir textos literarios tomando como modelos os lidos na clase. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de xeito progresivamente autónomo a partir dunha preselección de textos variados que inclúan obras de autoras e autores e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura apoiada en paradigmas.<br>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de forma orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.<br>- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.<br>- Estratexias de toma de conciencia dos propios gustos e identidade lectora.<br>- Expresión da experiencia lectora co apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.<br>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.<br>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.<br>- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura xuvenil contemporánea e do patrimonio literario universal, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.<br>- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través das conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. |

| Contidos |
|---|
| - Relación entre os elementos constitutivos do xénero literario e a construción do sentido da obra. Análise básica do valor dos recursos expresivos e dos seus efectos na recepción.<br>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos e con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, tópicos, estruturas e linguaxes.<br>- Expresión pautada, a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e valoración persoal de obras e fragmentos literarios.<br>- Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo literario feminino.<br>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos, conforme aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.<br>- Creación de textos partindo da apropiación das convencións da linguaxe literaria e consonte a paradigmas dados (imitación, transformación, continuación etc.).<br>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación das unidades comunicativas e do contraste entre linguas.<br>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e o sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).<br>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e co uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque metodolóxico da materia debe ter en conta varios aspectos. Por unha banda, a materia debe ter como obxectivo acadar unha aprendizaxe significativa, eficaz, funcional e aplicable á realidade máis próxima dos estudantes. A capacidade comunicativa nunca pode estar desligada da vida real. Por outra banda, tendo en conta que un dos principais problemas é a falta de motivación do noso alumnado, cómpre empregar metodoloxías activas e motivadoras.
Hai que ter en conta, por suposto, os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorecendo e fomentando a capacidade de aprender por si mesmos.
Trátase, pois, de deseñar unha metodoloxía que fomente o pensamento crítico e reflexivo a través da elaboración de actividades que precisen dun proceso de descubrimento e análise progresivamente autónomos.
Un enfoque metodolóxico que dá cabida a todos estes aspectos é a aprendizaxe baseada en proxectos que dean resposta a retos e problemas da vida real. Traballar desta maneira supón poñer o alumnado en situacións que simulen contextos reais para, así, mobilizar os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes. É un marco de aprendizaxe no que se poden poñer en xogo as competencias: trátase de situar a aprendizaxe nun contexto real para poder avalialas.
Ademais, debemos resaltar a importancia da lectura de todo tipo de textos como unha actividade fundamental na nosa materia. A lectura debe servir como eixe vertebrador: en tódalas unidades a lectura de diferentes tipos de textos resultará fundamental para o desenvolvemento das mesmas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Encerado dixital |
| Ordenador de aula |

O encerado dixital consiste nunha gran pantalla onde poder ver presentacións, vídeos...
As aulas dispoñen tamén dun ordenador conectado ao encerado dixital.
Os materiais da materia serán cargados en E-Dixgal, xa que o alumnado dispón dun ordenador persoal

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso. Por unha banda, realizarase unha proba específica de avaliación inicial que servirá para coñecer o punto de partida do alumnado con respecto a materia; así mesmo, tamén serán valorados os informes recibidos dos cursos anteriores, así como a información proporcionada nas reunións de avaliación inicial levadas a cabo nos primeiros días de setembro.
Por outra banda, esta avaliación inicial continuará nas primeiras semanas con diversas actividades orais, escritas, literarias... que axuden a coñecer mellor o noso alumnado.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | UD 9 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **11** | **12** | **100** |
| **Proba escrita** | 50 | 60 | 50 | 45 | 70 | 45 | 55 | 45 | 45 | **52** |
| **Táboa de indicadores** | 50 | 40 | 50 | 55 | 30 | 55 | 45 | 55 | 55 | **48** |

**Criterios de cualificación:**

Como dixemos, comezaremos o curso pola avaliación inicial, que poderá iniciarse cunha proba determinada, pero que continuará durante as primeiras semanas do curso coa observación directa do profesorado nas diversas actividades preparadas para o inicio da materia.
En canto a outros procedementos de avaliación, realizaranse polo menos dous exames por avaliación, de forma que o segundo deles coincida co final del trimestre. A nota media obtida neses exames supoñerá o 70 % da nota do trimestre. Hai que advertir que nas probas escritas descontarase 0,1 por cada erro ortográfico (acentos incluídos) ou léxico ata un máximo dun punto.
O resto da nota da materia dependerá dos seguintes factores: un 10 % para o libro de lectura obrigatoria, outro 20 % para as actividades de expresión e comprensión orais e as diversas

actividades que se realicen durante o trimestre.
Haberá opción de subir nota (0,5 puntos) pola realización dun traballo sobre un libro de lectura voluntario, ata un máximo de 1 punto.
A media da avaliación final sairá da media aritmética das tres avaliacións. De todas formas, hai que recordar que o aprobado no 3.º trimestre implica aprobar a materia (aínda que a nota media das tres avaliacións sexa inferior a 5).
Unha vez realizadas todas as probas e calculadas as medias correspondentes, o criterio fundamental para obter un redondeo á alza será que as décimas sexan iguais ou superiores a 5.

**Criterios de recuperación:**

Como é avaliación continua, non haberá, durante o curso, unha proba específica de recuperación. A avaliación recuperarase cun aprobado na seguinte avaliación. É importante ter en conta que, en calquera caso, ao ser avaliación continua, consideraranse aprobados aqueles alumnos que teñan o 3.º trimestre superado.
O exame do 3.º trimestre adiantarase uns días con respecto ao final do curso co obxectivo de ofrecer ao alumnado que o suspenda unha posibilidade de recuperar a materia e que esta non quede pendente para o curso seguinte. O contido dese exame de recuperación poderá ser de toda a materia ou das partes que teña suspensas cada alumno. En calquera caso, o valor do exame corresponderase co valor que tiveron ditos contidos durante o desenvolvemento do curso.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado coa materia pendente será obxecto, dende principio de curso, dunha atención especial tanto por parte do docente da materia en curso como por parte do xefe de departamento, que o manterán informado dos criterios para recuperar a materia (ver apartado 9):

## 6. Medidas de atención á diversidade

É necesario detectar canto antes o alumnado que necesita unha axuda extra no seu proceso de aprendizaxe. Para iso, ademais de ter en conta os informes recibidos do equipo docente dos cursos anteriores, contaremos cunha avaliación inicial que se levará a cabo nas primeiras sesións do curso. Unha vez detectado o alumnado cunha maior necesidade de apoio educativo estableceranse unhas liñas a seguir en coordinación co Departamento de Orientación do centro.
En concreto, serán obxecto dunha especial atención os seguintes grupos de alumnos:
- Para aqueles que presenten necesidades educativas especiais que así o precisen faranse adaptacións curriculares significativas que poderán reducir ou simplificar os obxectivos da materia do curso.
- O alumnado repetidor ou coa materia pendente tamén terá un plan específico de reforzo.
- No caso de alumnado con altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

En xeral, dependendo da casuística do alumnado, cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar, tales como o emprego de grafías de maior tamaño, a priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación (oral, escrita, visual e/ou táctil), a adaptación das diferentes probas de avaliación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes | | | | X | | X | | |
| ET.6 - Concienciación e formación sobre o cambio climático | | | | X | | X | | |
| ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | | | | X | | X | | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.1 - Comprensión lectora | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X |
| ET.5 - Igualdade entre mulleres e homes | |

| | UD 9 |
|---|---|
| ET.6 - Concienciación e formación sobre o cambio climático | |
| ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable | |

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Concursos organizados pola biblioteca do centro. | Participaremos nos diferentes concursos literarios organizados dende o Equipo de Biblioteca coa fin de fomentar o pracer pola escrita e a lectura. | | | |

**Observacións:**

É posible a organización, durante o curso, dunha saída ao teatro se algunha das obras representadas na nosa comarca pode ser de interese para o alumnado.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Cumpriuse a estimación temporal marcada na programación para cada trimestre. |
| Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación. |
| Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica. |

**Descrición:**

Comprobarase se, tras cada trimestre, cumpriuse coa estimación temporal establecida, o emprego das medidas metodolóxicas reflectidas na programación e se se aplicaron os procedementos e criterios de avaliación establecidos.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado a información básica sobre a mesma.
A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Estas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.
A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:
Cumpriuse a estimación temporal marcada na programación para cada trimestre?
Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación?

Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica?
As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, contido que quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## 9. Outros apartados

### 1. LECTURAS OBRIGATORIAS

Este é o listado de libros propostos para que o alumno escolla as súas lecturas obrigatorias do curso: ENRIQUE PÁEZ MAÑA: Abdel, MARK TWAIN: Las aventuras de Tom Sawyer (adaptado), A. C. DOYLE: El perro de los Baskerville.

### 2. CRITERIOS PARA RECUPERAR A MATERIA PENDENTE

Os criterios para recuperar a materia de 1º de ESO son os seguintes:
1. Nas dúas primeiras convocatorias de recuperación (novembro e febreiro) poderá recuperar a materia dividida en dous parciais. A obtención do aprobado nestes parciais implicará a recuperación da materia.
2. Haberá unha terceira convocatoria (maio) na que tamén se poderá aprobar a materia.
3. Tamén quedará aprobada a materia pendente se se aproban os dous primeiros trimestres da materia do curso no que se encontran actualmente. Neste caso a nota será un 5.
4. Finalmente, se na convocatoria ordinaria superan a materia en curso tamén obterán o aprobado da materia pendente (cun 5).